

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 11 de abril de 2008 pola que se modifica a do 31 de xaneiro pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008.

A Orde do 31 de xaneiro de 2008 publicada no DOG nº 23, do 1 de febreiro coa súa corrección de erros publicada no DOG nº 32, do 14 de febreiro, establece a regulación da aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008.

O Regulamento (CE) nº 146/2008, do Consello, do 14 de febreiro de 2008, modifica tanto o Regulamento (CE) nº 1782/2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, como o Regulamento (CE) nº 1698/2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Por outra parte, a Orde APA/736/2008, do 14 de marzo, modifica as datas en que as parcelas das hectáreas admisibles deben permanecer ao dispor do agricultor para xustificar dereitos de axuda na solicitude única.

Por iso, resulta necesario modificar a Orde do 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e a gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008, para a súa adaptación á normativa citada.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do EAG e facendo uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo único.-A Orde do 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e, da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008, publicada no DOG nº 23, do 1 de febreiro, coa súa corrección de erros publicada no DOG nº 32, do 14 de febreiro, queda modificada do seguinte xeito:

Un.-O artigo 29 queda redactado do modo seguinte:

«As parcelas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar dereitos de axuda deberán estar ao dispor do agricultor o 31 de maio do ano en que se solicita a axuda».

Dous.-O punto 4º do artigo 73 queda redactado do modo seguinte:

«Os controis sobre o terreo poderanse anunciar, sempre que non se comprometa o obxectivo perseguido. O aviso limitarase estritamente ao prazo mínimo necesario e non excederá 14 días.

Non obstante, cando se trate de controis sobre o terreo relativos ás solicitudes de axuda por animais, o aviso mencionado no parágrafo anterior non poderá exceder 48 horas, agás nos casos debidamente xustificadas. Ademais, cando a lexislación aplicable aos actos e normas que afectan a condicionalidade exixa que o control sobre o terreo se realice sen previo aviso, esas disposicións tamén se aplicarán aos controis da condicionalidade sobre o terreo».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción e se aproban as bases reguladoras.

O Decreto 64/2006, do 6 de abril, coas modificacións do Decreto 38/2007, do 1 de marzo, regula e establece as bases do réxime de subvencións para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción.

A disposición derradeira primeira do citado Decreto 64/2006, que regula o réxime de subvencións para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción, outórgalle á conselleira de Vivenda e Solo, no marco das súas competencias, a potestade de ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a súa aplicación.

A Orde do 13 de xuño de 2007, convocaba as subvencións para o citado ano e establecía unhas bases reguladoras con vixencia indefinida.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece un novo marco normativo de referencia.

Ante a necesidade de adaptar as citadas bases á nova Lei de subvencións, esta orde elabora unhas novas bases, con vixencia indefinida, que desenvolven as directrices contidas no Decreto 64/2006, do 6 de abril.

Esta orde, ademais, convoca as subvencións, detalla o procedemento, establece o prazo de presentación de solicitudes de subvencións, indica o seu importe máximo e a partida orzamentaria en que figuran os créditos que amparan esta orde.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988 e pola disposición adicional 8.1 da Lei 2/2007, do 28 de marzo e desenvolvida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e o Decreto 505/2005, do 22 de setembro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras adaptadas á vixente Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que terán vixencia indefinida, e abrir a convocatoria no exercicio económico de 2008, nun procedemento de concorrencia non competitiva, para as subvencións reguladas no Decreto 64/2006, do 6 de abril, DOG nº 79 do 25 de abril de 2006, modificado polo Decreto 38/2007, do 1 de marzo, DOG nº 58 do 22 de marzo de 2007, destinadas ás persoas físicas promotoras de vivendas unifamiliares rurais, con baixos ingresos, para que poidan rematar os exteriores das súas casas, quedando protexidas da humidade e o clima en condicións de salubridade e seguranza, adecuadas ao medio e á paisaxe e respectuosas coa tipoloxía tradicional da zona.

Artigo 2º.-*Actuacións protexibles.*

1. En relación co determinado nos artigos 4º e 12º do Decreto 64/2006, o catálogo de traballos que corresponde ás actuacións protexidas enunciadas no anexo I do devandito decreto é o que figura no anexo I desta orde. Así mesmo, establécense como prezos máximos de referencia os das distintas partidas das bases de datos da construción de Galicia publicadas polo Instituto Tecnolóxico de Galicia e que se poden consultar na súa páxina web <http://www.itg.es/>, ou persoalmente nas delegacións provinciais, e servizos centrais, da Consellería de Vivenda e Solo. Para as partidas non definidas determinaranse os rendementos por asimilación a outras partidas.

2. Os criterios de calidade para as citadas actuacións protexibles son os seguintes:

a) Nas actuacións deberán empregarse as formas e materiais que menor impacto produzan, así como as cores tradicionais na zona ou, en todo caso, as que favorezan en mellor medida a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

De conformidade co establecido nos artigos 29 b) e 104 c) e e) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

-As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabamentos serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregarase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas

pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais da contorna.

-A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características da contorna e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións, e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

b) Quedan excluídos e prohibidos, e poden ser razón de perda da subvención, o uso de materiais inadecuados como bloques de formigón visto, e urallita-fibroemento de calquera tipo vistos, e argamasas monocapa.

Artigo 3º.-*Beneficiarios. Ingresos familiares.*

De acordo co artigo 5º do Decreto 64/2006, do 6 de abril, poderán solicitar as subvencións convocadas por esta orde as persoas físicas que, sendo promotores de vivendas unifamiliares rurais, obteñan uns ingresos familiares ponderados que non excedan 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do correspondente exercicio do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

Para os efectos do determinado no artigo 5º e 7º do Decreto 64/2006, do 6 de abril, enténdese:

1. Por ingresos familiares a contía, expresada en número de veces o IPREM, no seu computo anual, incluíndo dúas pagas extras, da parte xeral e especial da renda reguladas nos artigos 39, 40 e 51, respectivamente, do texto refundido do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación vencido, á solicitude da subvención.

Se o interesado non presentaR declaración por non estar obrigado a iso, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante declaración responsable, relativa ás mencionadas parte xeral e especial da base, sen prexuízo do achegamento dos documentos acreditativos que se establecen para a súa comprobación no artigo 4º desta disposición.

2. Por ingresos familiares ponderados, os resultantes de lles aplicar aos ingresos familiares os seguintes coeficientes multiplicadores de ponderación en función do número de membros da unidade familiar:

Familias de 1 membro: 1.

Familias de 2 membros: 0,95.

Familias de 3-4 membros: 0,90.

Familias de 5-6 membros: 0,85.

Familias de máis de 6 membros: 0,80.

3. Por unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As referencias á unidade familiar, para efectos de ingresos, fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar.

4. No caso dos galegos e galegas residentes no estranxeiro, os ingresos na moeda propia do país en que se obteñan calcularanse en función do seu contravalor en euros, aplicando o primeiro cambio oficial fixado para o comprador no mercado de divisas no ano seguinte ao que se refiran os ingresos.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para estas axudas, segundo o determinado no artigo 8º do Decreto 64/2006, presentaranse nas delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo que correspondan por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, axustándose aos modelos que figuran no anexo II desta orde.

2. Os documentos que se deben achegar coa solicitude son os seguintes:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou do NIF do solicitante.

b) Certificado emitido por un técnico competente na materia, do estado de construción das obras realizadas ate o momento segundo o determinado no artigo 3 do Decreto 64/2006, e de que estas se adecuan á licenza municipal de obras. No mesmo escrito certificarase que as obras propostas para a subvención tamén se adecuan á devandita licenza de obras.

c) Memoria descritiva de todas as obras que se pretende realizar de entre as incluídas no artigo 4 do Decreto 64/2006, e o artigo 2.1º desta orde, de modo que os paramentos exteriores e cuberta queden totalmente terminados, o seu orzamento e xustificación de que estas se adaptan ao medio e á paisaxe e axustándose aos criterios do artigo 2.2º desta orde. A memoria deberá ir asinada por un técnico competente na materia.

d) Licenza municipal de obras.

e) Plano de situación da vivenda en construción en que figure o nome da parroquia, do lugar, da rúa e o número ou denominación da casa.

f) Fotografías actuais de todas as fachadas da vivenda en construción.

g) No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF:

-Se ten presentado o modelo de solicitude de devolución 104-105, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

-Para os que non presentasen o citado modelo de devolución, declaración responsable de todos os

ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas en que estivese de alta no devandito exercicio e, se é o caso, certificado de pensións ou prestacións periódicas, certificado do INEM, e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

h) Certificado municipal de situación da vivenda segundo o disposto no artigo 2º do Decreto 64/2006, do 6 de abril.

i) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para as actuacións obxecto desta solicitude, das administracións públicas ou doutros entes públicos.

j) Acreditación da composición da unidade familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable, e copia cotexada do libro de familia.

3. As citadas solicitudes deberán conter os datos da persoa solicitante adicional, entendendo por tal aquela persoa que sexa cotitular sobre os dereitos de propiedade, usufruto ou arrendamento, sen asignación concreta de cotas, como pode ser o caso de sociedades de gananciais ou comunidades de herdeiros en que concorran as citadas circunstancias.

4. As solicitudes asinadas polos galegos residentes no exterior da comunidade autónoma poderán presentarse nas entidades galegas dos lugares de residencia que teñan recoñecida a galeguidade ou estean consideradas como colaboradoras, as cales deberán remitilas, en todo caso, á Secretaría Xeral de Emigración.

Esta secretaria xeral remitirá as solicitudes á Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda en función da localización da vivenda.

Será preceptivo o informe da Secretaría Xeral de Emigración para toda solicitude presentada polos galegos e galegas residentes no exterior.

Artigo 5º.-*Subvencións.*

A Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos orzamentos da Consellería de Vivenda e Solo e dentro das dispoñibilidades orzamentarias que se cuantifican nesta orde, poderá subvencionar as actuacións recollidas nesta orde nunha contía equivalente ao 30% do orzamento das obras, sen que en ningún caso a devandita subvención poida superar a cantidade de 6.000 euros por persoa beneficiaria.

Artigo 6º.-Procedemento de concesión das subvencións.

1. As solicitudes presentadas conforme o artigo anterior serán revisadas de acordo co artigo 10º do Decreto 64/2006, do 6 de abril, polos delegados provinciais da Consellería de Vivenda e Solo. Unha vez revisadas as solicitudes, os delegados provinciais elevarán as propostas de concesión ou denegación da subvención á persoa titular da Consellería de Vivenda e Solo, quen ditará resolución expresa sobre a procedencia do outorgamento da subvención ou, de ser o caso, sobre a súa denegación, debidamente motivada, sempre dentro dos límites previamente xustificadas.

O expediente de concesión conterà o informe do órgano instructor en que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

2. Serán obxecto de denegación as propostas de concesión que queden sen asignación de recursos por esgotamento dos previstos na orde de convocatoria.

As persoas solicitantes de subvencións ao abeiro desta orde ás cales lles foran denegadas as súas solicitudes por falta de recursos dispoñibles poderán presentalas de novo na seguinte convocatoria anual, sempre e cando cumplan os requisitos exixidos para o efecto.

Contra as ditas resolucións, que poñen fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Vivenda e Solo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderá ser impugnado directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, consonte o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. O criterio que, de ser o caso, se utilizará para os efectos de determinar respecto a qué expedientes se esgota o crédito é o recollido no artigo 74.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Para adquirir a condición de persoa beneficiaria da subvención será necesario acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

5. Consonte o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a solicitude de subvencións para remate exterior das vivendas unifamiliares rurais de nova construción comportará a autorización para que a Consellería de Vivenda e Solo obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Artigo 7º.-Obriga de publicidade do financiamento.

Durante o período de execución das obras a persoa promotora deberá colocar nun lugar visible un cartel indicativo de estaren acollidas á subvención para o remate exterior. O cartel seguirá as indicacións da Orde do 9 de maio de 2006 pola que se aproban os modelos de carteis indicativos da promoción de vivendas de protección autonómica e actuacións de rehabilitación (DOG do 31 de maio).

Artigo 8º.-Prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos do disposto no artigo 9 do Decreto 64/2006, o prazo de presentación de solicitudes comezará o día da entrada en vigor desta disposición e rematará o 16 de xuño de 2008.

Artigo 9º.-Prazo de resolución.

De acordo co artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo para resolver fíxase en seis meses, contados desde a data de entrada da solicitude no rexistro correspondente. Vencido o prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase a resolución, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

Artigo 10º.-Compatibilidade.

De acordo co establecido no Decreto 64/2006, do 6 de abril, sobre subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción, os beneficios establecidos nesta disposición son incompatibles con calquera outra axuda con cargo aos orzamentos da Consellería de Vivenda e Solo ou do Ministerio de Vivenda, destinada ás mesmas actuacións.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe das subvencións concedidas para as actuacións solicitadas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 11º.-Prórroga do prazo de execución.

Excepcionalmente, por petición da persoa beneficiaria poderá concederse unha prórroga do prazo de execución establecido na resolución de concesión da subvención, non superior á metade del.

Artigo 12º.-Condición para o pagamento.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a persoa beneficiaria non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por procedemento de reintegro.

A persoa beneficiaria deberá achegar un certificado da entidade bancaria de ter aberto ao seu nome unha conta en que desexa que se lle realice o pagamento.

Artigo 13º.-Incumprimento ou alteración das condicións para a concesión.

1. O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención, ou a concorrencia de calquera das causas de reintegro determinadas polo artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suporá ademais das sancións que puideren corresponder, a obriga do reintegro por parte do beneficiario dos recursos achegados pola Consellería de Vivenda e Solo incrementados co xuro legal correspondente desde o seu aboamento, de acordo co procedemento establecido no capítulo I do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 10 da presente orde.

Artigo 14º.-Rexistro de axudas e subvencións e publicidade.

1. De acordo co establecido na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como as sancións impostas, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Os datos de carácter persoal relacionados coa solicitude, e solicitados no correspondente impreso de solicitude de subvención integraranse nun programa informático de carácter permanente, ao dispor da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, aos únicos efectos de tramitación da solicitude, extracción de informes estatísticos e o cumprir das obrigas recollidas neste artigo. A negativa a cumprir calquera dos datos solicitados no impreso de solicitude supoñerá a imposibilidade de continuar a tramitación da solicitude.

Artigo 15º.-Importe máximo e dotación orzamentaria.

Para os efectos do determinado no artigo 6º do Decreto 64/2006, o importe máximo destas axudas será de 1.200.000 de euros, e instrumentaranse financeiramente a través do crédito que figura consignado na aplicación 17.02.451B.780.0 do vixente orzamento de gastos da Consellería de Vivenda e Solo.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 13 de xuño de 2007 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2008.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

ANEXO I
Catálogo de traballos

Nº ord.

1. Limpeza de pedra.

Limpeza de cerramento de pedra existente, consistente: a) na retirada de vexetación manchas e residuos; b) na picadura, rascadura e cepilladura de cintados deteriorados; c) no chorreo con area, auga ou outros materiais similares.

2. Revestimento exterior de cachotería.

Revestimento de cerramentos exteriores existentes con cachote de pedra, tomado con argamasa de cal e/ou cemento e area limpa, con preparación de pedras, fixación, cintaxe, limpeza final mesmo chorreo con auga, e aplicación, se for necesaria, dunha imprimación hidrófuga e medios auxiliares, medida deducindo ocos superiores a 1,5 m².

3. Cintaxe con argamasa.

Cintaxe de muro de cachotaría de granito ou de lousa, realizado con argamasa de cal e/ou cemento e area limpa cunha dosificación aproximada de ¼, incluso racheada con laxes do mesmo material do muro. Con limpeza por cepilladura previa da xunta empapándose con auga limpa, incluíndo as superficies adxacentes, antes de aplicar a argamasa. Incluso aditivo hidrófugo a engadir aos compoñentes da argamasa, no caso necesario, para conseguir a impermeabilización das xuntas. Aconséllase que a argamasa sexa de cor similar ao da pedra ou lousa, imitando os aglomerados usados tradicionalmente, para o que á argamasa terá que engadírsele pigmentos minerais naturais.

4. Revocadura de argamasa.

Revocadura de argamasa composto por masa de cal e/ou cemento e area limpa, incluso co engadido dalgunha parte de cal ou cemento branco, aplicado en capas sobre cerramento, sendo a primeira un salpicadura con area grosa e sobre esta un recebo con area máis fina, non será recomendable un espesura total de non máis de 25 mm, incluso regrado e remate de arestas e esquinas. Medido deducindo ocos maiores de 1,5 m².

5. Picadura de revocadura.

Picadura de revocadura de espesor variable en muros, realizado por medios manuais ou mecánicos, incluíndo limpeza final.

6. Saneamento de pinturas exteriores.

Eliminación e saneamento superficial de pintura plástica ou similar existente sobre paredes exteriores, realizado por medios manuais ou mecánicos, así como o tratamento de soportes e limpeza final, deixando a superficie lista para pintar. Medido deducindo ocos maiores de 1,5 m².

7. Pinturas exteriores.

Pintura mineral ou similar, impermeable á auga, aplicada de acordo coas normas, en paredes exteriores en bo estado e secas, na cor que favoreza a integración no medio, primeira man de fixativo en función da absorción da parede e dúas mans de pintura mediante brocha, rolo ou cepillo deixando o tempo de secado adecuado entre man e man, mesmo remate e limpeza final. Medido con dedución de ocos maiores de 1,5 m².

8. Imprimación antióxido para metal.

Aplicación de imprimación anticorrosiva para metais, logo de rascadura de óxido por medios manuais ou mecánicos, incluíndo limpeza da superficie, aplicada con brocha ou pistola.

9. Pintura para metal.

Pintura ao esmalte satinado, coas mans necesarias para un bo acabado sobre elementos metálicos.

10. Decapaxe de pintura sobre madeira.

Eliminación de pinturas vellas sobre madeira en carpintarías empregando soprete de ar quente e espátula, ou decapante quitapinturas e raspilladura. Inclúe extracción de puntas, desmontaxe de vidros con reparación, se foren especiais e limpeza de masillas, incluíndo desmontaxe da porta ou ventá, lixadura e limpeza final e reinstalación da peza, medios auxiliares incluídos, á medida sobre a superficie real executada.

11. Pintura ao aceite para madeira.

Pintura ao aceite, incluíndo lixadura, coas mans necesarias para un bo acabado. Medida en superficie real executada.

12. Cuberta de tella.

Cuberta de tella composta por tella cerámica curva tomada con argamasa de cemento e disposta sobre pranchas de fibrocemento gran onda, executada cos seus remates, limas e beirís, incluíndo medios auxiliares, medida a superficie real.

13. Cuberta de lousa.

Cuberta de lousa, ancorada con ganchos inoxidables e colocada sobre listóns de madeira tratada, colocada cos seus remates, incluso medios auxiliares, limas e beirís, medida en superficie real.

14. Canalón.

Canlón de chapa metálica pregada de primeira calidade, con soportes de platinas do mesmo material, coa superposición e xuntas de dilatación necesarios, incluído babeiro, pezas especiais, pequeno material e medios auxiliares, totalmente rematado para a súa posta en funcionamento.

15. Baixante.

Baixante de tubo metálico, cos empalmes e superposicións necesarios, convenientemente apromada sobre muro, con abrazadeiras do mesmo material da consistencia necesaria, cos remates, complementos, medios auxiliares e limpeza final, totalmente rematada para a súa posta en funcionamento.

16. Varanda de madeira.

Varanda de madeira exterior de alto formada por pasamáns superior e zócolo inferior, pezas verticais torneadas ou cadradas, convenientemente ensambladas, rematada e coa consistencia necesaria para o seu uso, incluíndo medios auxiliares ou de limpeza final.

17. Varanda de aceiro.

Varanda exterior resolta con pés de tubo oco de aceiro, con platinas horizontais superior e inferior do mesmo material, rematada e coa consistencia necesaria para o seu uso, sen incluír pintura, e incluíndo medios auxiliares ou de limpeza final.

18. Varanda de ferro forxado.

Varanda exterior de ferro fundido, realizada con redondos macizos e nós reengrosados, con pasamáns e bastidor, pés dereitos tomados con garras de ancoaxe, rematada e coa consistencia necesaria para o seu uso, incluíndo medios auxiliares ou de limpeza final.

19. Varanda de pedra.

Varanda exterior de pedra, executada mediante entalla de peza escuadrada de sección transversal envolvente de 1,00 m² con labra e deseño formal sinxelos, incluíndo sistemas de ancoaxe e suxeición, acabado superficial e limpeza.

Auxiliares.

A1. Contedores de entullo.

Evacuación de entullo en contedor pechado de 5 m³ de capacidade nominal, incluíndo transporte ao pé da obra e a vertedoiro, así como a súa descarga.

A2. Estadas.

Estadas homologadas que cumpran todas as normas de seguranza, con montaxe e desmontaxe, lonas exteriores de seguranza e ornato, plataformas e marquesiñas, cando sexa necesario, de forma que se garanta o paso con seguranza de peóns pola vía pública. Inclúe instalación cara ao exterior do cartel identificativo da obra. Medios auxiliares e de seguranza, coidando especialmente o aspecto na vía pública das obras.

* Estas partidas son complementarias das actuacións en acabamentos exteriores e só se poderán solicitar conxuntamente con elas.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
 Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO PARA O REMATE EXTERIOR DE VIVENDAS UNIFAMILIARES RURAIS DE NOVA CONSTRUCCIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI422A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PARROQUIA	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	INGRESOS FAMILIARES	NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

DATOS DA VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN

ENDEREZO	PARROQUIA
PROVINCIA	CONCELLO
	CÓDIGO POSTAL

E na súa representación:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	CIF/NIF
ENDEREZO	PARROQUIA
	PROVINCIA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	FAX
	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE ADICIONAL

NOME E APELIDOS	DNI/NIF
ENDEREZO	PARROQUIA
PROVINCIA	CONCELLO
	CÓDIGO POSTAL

COMPROMISOS

A persoa solicitante comprométese a destinar a vivenda a morada habitual e permanente un mínimo de 10 anos. Destinará as axudas á finalidade para a que foron concedidas e permitirá as inspeccións que en calquera momento se puidesen realizar.
 Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas reguladas polo Decreto 64/2006, do 6 de abril, da Consellería de Vivenda e Solo e normativa que o desenvolve, declara que reúne as condicións necesarias para acceder a elas e
SOLICITA:
 A concesión da subvención e os beneficios previstos e,
DECLARA:
 Que todos os datos que figuran neste impreso son certos.

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia*, e na súa páxina web oficial, a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao amparo deste decreto; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Decreto 64/2006 sobre subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción, e - Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción e se aproban as bases reguladoras.
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU PERSOA QUE A REPRESENTA Lugar e data , de de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo de

--

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- A) FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU DO NIF DA PERSOA SOLICITANTE.
- B) CERTIFICADO EMITIDO POR UN TÉCNICO COMPETENTE NA MATERIA, DO ESTADO DE CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS REALIZADAS ATA O MOMENTO SEGUNDO O DETERMINADO NO ARTIGO 3 DO DECRETO 64/2006, E DE QUE ESTAS SE ADECUAN Á LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS. NO MESMO ESCRITO CERTIFICARASE QUE AS OBRAS PROPOSTAS PARA A SUBVENCIÓN TAMÉN SE ADECUAN Á LICENZA DE OBRAS.
- C) MEMORIA DESCRIPTIVA DE TODAS AS OBRAS QUE SE PRETENDEN REALIZAR DE ENTRE AS INCLUÍDAS NO ARTIGO 4 DO DECRETO 64/2006, E NO ARTIGO 2.1º DESTA ORDE, DE MODO QUE OS PARAMENTOS E CUBERTAS ESTEAN TOTALMENTE REMATADOS, O SEU ORZAMENTO E XUSTIFICACIÓN DE QUE ESTAS SE ADAPTAN AO MEDIO E Á PAISAXE AXUSTÁNDOSE AOS CRITERIOS DO ARTIGO 2.2º DESTA ORDE. A MEMORIA DEBERÁ IR ASINADA POR UN TÉCNICO COMPETENTE NA MATERIA.
- D) LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS.
- E) PLANO DE SITUACIÓN DA VIVENDA EN CONSTRUCCIÓN EN QUE FIGURE O NOME DA PARROQUIA, DO LUGAR, DA RÚA E O NÚMERO OU DENOMINACIÓN DA CASA.
- F) FOTOGRAFÍAS ACTUAIS DE TODAS AS FACHADAS DA VIVENDA EN CONSTRUCCIÓN.
- G) NO CASO DE NON ESTAR OBRIGADO A PRESENTAR A DECLARACIÓN DO IRPF:

SE PRESENTOU O MODELO DE SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN 104-105, COPIA DA NOTIFICACIÓN-LIQUIDACIÓN EMITIDA POLA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.

PARA OS QUE NON PRESENTARON O CITADO MODELO DE DEVOLUCIÓN, DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TODOS OS INGRESOS OBTIDOS, XUNTANDO, ADEMAIS, OS SEGUINTE DOCUMENTOS: DECLARACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES, CERTIFICADO DE RETRIBUCIÓNS E RETENCIÓNS DA EMPRESA OU EMPRESAS EN QUE ESTIVISE DE ALTA NO DITO EXERCICIO, E, SE É O CASO, CERTIFICADO DE PENSIÓNS OU PRESTACIÓNS PERIÓDICAS, CERTIFICADO DO INEM, E CERTIFICADOS DAS ENTIDADES BANCARIAS DE RENDEMENTOS DO CAPITAL MOBILIARIO.

NO SUPOSTO DOS EMIGRANTES, A XUSTIFICACIÓN DOS INGRESOS FAMILIARES EFECTUARASE MEDIANTE COPIA DA DECLARACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS PRESENTADA EN ESPAÑA, OU DA EQUIVALENTE PRESENTADA NO PAÍS ONDE PRESTEN OS SEUS SERVIZOS, AUTENTICADA, SE É O CASO, POLA AGREGADORÍA LABORAL CORRESPONDENTE OU DELEGACIÓN CONSULAR DE ESPAÑA.

- H) CERTIFICADO MUNICIPAL DE SITUACIÓN DA VIVENDA SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 2º DO DECRETO 64/2006, DO 6 DE ABRIL.
- I) DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA AS ACTUACIÓNS OBXECTO DESTA SOLICITUDE, DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DOUTROS ENTE PÚBLICOS.
- J) ACREDITACIÓN DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E NÚMERO DE PERCEPTORES DE INGRESOS, MEDIANTE COPIA COTEXADA DA DECLARACIÓN DO IRPF OU, NO CASO DE NON ESTAR OBRIGADO A PRESENTALA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E COPIA COTEXADA DO LIBRO DE FAMILIA.

ACTUACIÓNS PROTEXIBLES

- | | | |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> 01. Limpeza de pedra. | <input type="checkbox"/> 02. Revestimento exterior de cachotaría. | <input type="checkbox"/> 03. Cintaxe con argamasa. |
| <input type="checkbox"/> 04. Revocadura de argamasa. | <input type="checkbox"/> 05. Picadura de revocadura. | <input type="checkbox"/> 06. Saneamento de pinturas exteriores. |
| <input type="checkbox"/> 07. Pinturas exteriores. | <input type="checkbox"/> 08. Imprimación antióxido para metal. | <input type="checkbox"/> 09. Pintura para metal. |
| <input type="checkbox"/> 10. Decapaxe de pintura sobre madeira. | <input type="checkbox"/> 11. Pintura ao aceite para madeira. | <input type="checkbox"/> 12. Cuberta de tella. |
| <input type="checkbox"/> 13. Cuberta de lousa. | <input type="checkbox"/> 14. Canlón. | <input type="checkbox"/> 15. Baixante. |
| <input type="checkbox"/> 16. Varanda de madeira. | <input type="checkbox"/> 17. Varanda de aceiro. | <input type="checkbox"/> 18. Varanda de ferro forxado. |
| <input type="checkbox"/> 19. Varanda de pedra. | <input type="checkbox"/> A1. Contedores de entullo. | <input type="checkbox"/> A2. Estadas. |

Marcar cun X as actuacións que se pretenden realizar e para as que se solicita subvención.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO PARA O REMATE EXTERIOR DE VIVENDAS UNIFAMILIARES RURAIS DE NOVA CONSTRUCCIÓN E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VÍA TELEMÁTICA AS ACREDITACIÓNS RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS.*

Declaro/declaramos que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito.
 En aplicación do artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso a que se xunta este documento, as persoas asinantes autorizamos a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións.
 A Consellería de Vivenda e Solo tramitadora do expediente de solicitude de axudas poderá solicitar á vista desta declaración calquera outra documentación que considere necesaria para a acreditación dos datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

SOLICITANTE/OU PARENTESCO (1)	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (2)	ESTADO CIVIL (3)	PERSONA CON DISCAPACIDADE (4)	INGRESOS DECLARADOS NO ESTRANXEIRO (5)	SINATURA DO QUE AUTORIZA: (6)

* A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os fillos menores que con el ou ela convivan, así como os fillos maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

- (1) Son solicitantes as persoas promotoras das actuacións. **EXEMPLO PARA CUBRIR O IMPRESO:** solicitante, cónxuxe ou membro da parella e fillo.
- (2) Deberán presentarse as fotocopias dos DNI/NIF dos componentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios.
- (3) S (Solteiro/a), C (Casado/a), V (Viúvo/a), D (Divorciado/a), S.L. (Separado/a legalmente). PF (Parella de feito legalmente recoñecida).
- (4) Enténdense por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1.2º da Lei 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.
- (5) Neste caso teranse que acreditar os ingresos autenticados pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.
- (6) A sinatura implica que se autoriza a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións, e para os únicos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda en materia de vivenda que se solicita.
 Autorización que poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Consellería de Vivenda e Solo. Para os menores considerárase a autorización no caso de que asinen os seus representantes legais.
 Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán achegar directamente os certificados requiridos no impreso de solicitude das axudas.